

## [Gal/Cast] Manifesto galego de solidariedade con Catalunya

---

GALIZA COM CATALUNYA :: 05/09/2014

Los firmantes queremos también animar a la importante comunidad galego-catalana para su implicación en la defensa de la consulta y de su resultado afirmativo

### **Manifesto de solidariedade con Catalunya**

O pobo catalán atópase diante dunha das máis importantes encrucilladas da súa historia. Tres séculos despois da perda das súas liberdades nacionais, ten a posibilidade de transformar o marco xurídico e político por vías democráticas, coa convocatoria dunha consulta popular prevista para o vindouro 9 de novembro, que propón construír un novo Estado.

Nos últimos anos, diferentes axentes políticos e institucións negociaron co Estado Español diversas fórmulas de encaixe da Cataluña no marco estatal. Atopáronse con reiteradas negativas e inclusive con ameazas represivas, recortes e becos sen saída, que demostraron á inmensa maioría da poboación catalá que a única opción é exercer unilateralmente o dereito a decidir. Trátase dun conflito propiciado polo rápido crecemento do independentismo e dun auténtico movemento de masas, que é imposible de resolver desde as canles previstas pola institucionalidade e legalidade actualmente vigorantes. Ninguén pode decidir mellor sobre o seu país do que os seus propios habitantes.

Somos conscientes de que o camiño non será sinxelo nen doado. O goberno de Madrid xa anunciou a súa decisión de prohibir a consulta, amparándose na lexislación herdada dun rexime ilexítimo, nomeadamente a Constitución Española. Afirman unha e outra vez que é imposible calquera mudanza deste marco mais, na realidade, poucos pobos do mundo puideron acceder ao exercicio do seu dereito de autodeterminación sen antes se desembarazaren do marco legal do Estado que os apreixoaba.

As persoas asinantes queremos transmitir a nosa solidariedade co pobo catalán e o noso apoio perante os entraves de todo tipo (xurídicos, políticos, mediáticos, policiais) que interpón o Estado Español. En particular, manifestamos o noso apoio expreso á celebración da consulta de 9 de novembro e o noso rexeitamento á prohibición da voz do pobo. Apoiamos tamén o dereito do conxunto dos Países Cataláns, con situacións de consciencia política diferentes, a decidiren o seu futuro por un elemental sentimento de solidariedade con todos os povos do mundo e co seu dereito á autodeterminación; mais tamén conscientes de que calquera avance na outra beira da Península redundará no noso propio beneficio e axudará a desenvolver o movemento pola nosa liberdade.

Ademais, a cuestión nacional revelouose como o auténtico calcañar de Aquiles do espurio rexime instaurado na Transición, de forma que se constitúe como o principal vector de ruptura do sistema en todas as súas dimensións, desde a anacrónica continuidade da monarquía até as mellores perspectivas para a liberación social, o cuestionamento da Unión

Europea ou o avanza en mais dereitos individuais e colectivos. Se o Estado Español rompe por fin, todo estará aberto e en xogo de novo, a comezar polas liberdades nacionais de Galiza e Euskal Herria.

As asinantes queremos tamén animar a importante comunidade galego-catalá a se implicar na defensa da consulta e do seu resultado afirmativo, para contribuír á independencia da súa segunda patria, coa confianza de que algún día participarán na liberación da primeira.

**Agir / BNG / Briga / Causa Galiza / Ceivar / CNM / Comités / CIG / FPG / Galiza Nova / Isca! / Keltoi / Mar de Lumes / MGS / NÓS-UP / PCPG / Siareiras Galegas**

## **Castellano**

### **Manifiesto de solidaridad con Cataluña**

El pueblo catalán se encuentra delante de una de las más importantes encrucijadas de su historia. Tres siglos después de la pérdida de sus libertades nacionales, tiene la posibilidad de transformar el marco jurídico y político por vías democráticas, con la convocatoria de una consulta popular prevista para el próximo 9 de noviembre, que propone construir un nuevo Estado.

En los últimos años, diferentes agentes políticos e instituciones negociaron con el Estado Español diversas fórmulas de encaje de Cataluña en el marco estatal. Se encontraron con reiteradas negativas e inclusive con amenazas de la población catalana de que la única opción es ejercer unilateralmente el derecho a decidir. Se trata de un conflicto propiciado por el rápido crecimiento del independentismo y de un auténtico movimiento de masas, que es imposible de resolver desde los cauces previstos por la institucionalidad y legalidad actualmente vigentes. Nadie puede decidir mejor sobre su país que sus propios habitantes.

Somos conscientes de que el camino no será sencillo ni fácil. El gobierno de Madrid ya ha anunciado su decisión de prohibir la consulta, amparándose en la legislación heredada de un régimen ilegítimo, principalmente la Constitución Española. Afirman una y otra vez que es imposible cualquier cambio de este marco pero, en realidad, pocos pueblos del mundo han podido acceder al ejercicio de su derecho de autodeterminación sin antes desembarazarse del marco legal del Estado que los aprisionaba.

Las personas firmantes queremos transmitir nuestra solidaridad con el pueblo catalán y nuestro apoyo ante los obstáculos de todo tipo (jurídicos, políticos, mediáticos, policiales) que interpone el Estado Español. En particular, manifestamos nuestro apoyo expreso a la celebración de la consulta del 9 de noviembre y nuestro rechazo a la prohibición de la voz del pueblo.

Apoyamos también el derecho del conjunto de los Países Catalanes, con situaciones de conciencia política diferentes, a decidir su futuro por un elemental sentimiento de solidaridad con todos los pueblos del mundo y con su derecho a la autodeterminación, pero también conscientes de que cualquier avance en el otro lado de la Península redundaría en

nuestro propio beneficio y ayudará a desarrollar el movimiento por nuestra libertad.

Además, la cuestión nacional se ha revelado como el auténtico talón de Aquiles del espurio régimen instaurado en la Transición, de forma que se constituye como el principal vector de ruptura del sistema en todas sus dimensiones, desde la anacrónica continuidad de la monarquía hasta las mejores perspectivas para la liberación social, el cuestionamiento de la Unión Europea o el avance en más derechos individuales y colectivos. Si el Estado Español rompe por fin, todo estará abierto y en juego de nuevo, comenzando por las libertades nacionales de Galiza y Euskal Herria.

Los firmantes queremos también animar a la importante comunidad galego-catalana para su implicación en la defensa de la consulta y de su resultado afirmativo, para contribuir a la independencia de su segunda patria, con la confianza de que algún día participarán en la liberación de la primera.

**Agir / BNG / Briga / Causa Galiza / Ceivar / CNM / Comités / CIG / FPG / Galiza Nova / Isca! / Keltoi / Mar de Lumes / MGS / NÓS-UP / PCPG / Siareiras Galegas**

---

<https://galiza.lahaine.org/gal-cast-manifesto-galego-de>